

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 15 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de novos centros adscritos á Rede Abalar para o curso 2011/2012.

Os cambios que se veñen producindo en todos os ámbitos da actividade humana, impulsados polo vertixinoso avance científico e a emerxente sociedade da información teñen unha repercusión inmediata no mundo educativo. Por iso, faise necesaria unha revisión das maneiras de ensinar e aprender, de organizar os centros e de utilizar os medios e infraestruturas, de xeito que se convertan nas ferramentas básicas desa transformación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como un dos obxectivos do sistema educativo español mellorar a calidade e a eficacia dos sistemas de educación e de formación, o que implica mellorar a capacitación dos docentes, desenvolver as aptitudes necesarias para a sociedade da información e do coñecemento, así como garantir o acceso de todos ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

Neste contexto, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón dunha estratexia de incorporación das novas tecnoloxías ao proceso educativo en todos os seus ámbitos, o Proxecto Abalar, entroncada na súa estratexia xeral de incorporación de Galicia á sociedade da información e do coñecemento e nos seus programas transversais de desenvolvemento e promoción das TIC. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria esta a desenvolver este proxecto de integración plena das TIC na práctica educativa, aliñado co proxecto Escuela 2.0 impulsado pola Administración xeral do Estado.

Como parte da infraestrutura necesaria para dar soporte ao Proxecto Abalar, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ampliou durante o curso académico 2010-2011 os recursos TIC, mediante a adquisición de novos equipamentos para a creación de aulas dixitais, nos centros de ensino non universitario, sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, e dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que neste curso forman parte da rede Abalar, concretamente nos cursos de 5º de educación primaria e 1º de educación secundaria obrigatoria.

Polo exposto, cómpre continuar o proceso de incorporación de novos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria á Rede Abalar, de conformidade coas competencias atribuídas polo Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

Para tal fin:

RESOLVO:

Primeiro.-*Obxecto.*

Convocar e establecer as bases para a selección dos novos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que se incorporarán no curso 2011-2012 á Rede Abalar.

Segundo.-*Destinatarios.*

Poderán participar no procedemento de selección desta convocatoria os centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan no curso 2011/2012 ensinanzas de 5º de educación primaria ou 1º de educación secundaria obrigatoria sempre que no actual curso non estiveran integrados na Rede Abalar.

Terceiro.-*Requisitos e compromisos dos centros.*

1. Para que un centro poida participar neste proceso de selección é necesario que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Contar co apoio maioritario do consello escolar e do claustro do centro.
- b) Presentar un proxecto segundo as orientacións descritas no anexo II.
- c) Propoñer como coordinador/a do Proxecto Abalar no centro unha persoa, funcionaria docente no caso de centros públicos e preferentemente con destino definitivo no centro, que teña un perfil que se axuste ás condicións establecidas no anexo III.

d) Dispoñer das infraestruturas eléctricas e de datos adecuadas segundo o establecido no anexo IV.

2. Os centros seleccionados asumen os seguintes compromisos:

- a) Desenvolver correctamente o proxecto e impulsar a súa continuidade.
- b) Participar nas actividades de formación que estableza a consellería (anexo V).
- c) Introducir nos sistemas de información da consellería (sistema XADE) os datos precisos para a correcta articulación das funcionalidades do Espazo Abalar.
- d) Facer uso, por parte do profesorado, das funcionalidades e recursos dispoñibles no Espazo Abalar e promover o seu coñecemento e utilización entre as familias.

e) No caso de centros concertados, ter operativos e en funcionamento, ao comezo do curso 2011-2012, todos os elementos tecnolóxicos necesarios para a posta en marcha das aulas dixitais; financiando os que sexan necesarios para a súa posta en marcha e que non sexan proporcionados pola consellería, comprometéndose á substitución e reposición dos equipamentos proporcionados pola consellería no caso de rotura ou deficiencia non incluída na garantía dos equipamentos.

Cuarto.-*Presentación de solicitudes, documentación e prazo de presentación.*

1. Presentación de solicitudes:

Os centros que dexen participar neste procedemento dirixirán a súa solicitude á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o modelo do anexo I.

A solicitude e a documentación exixida irán dirixidas á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo San Caetano s/n, 15780 Santiago de Compostela, así como en calquera dos lugares establecidos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novem-

bro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Documentación que deberá xuntar á solicitude de participación:

a) Proxecto en que se concretarán os extremos para a implantación do proxecto durante o curso 2011-2012 da aula ou aulas Abalar que soliciten, así como para a súa continuidade en cursos posteriores.

b) Certificación da aprobación da solicitude por parte do consello escolar do centro segundo o modelo do anexo VI.

c) Certificación da aprobación da solicitude por parte do claustro do centro segundo o modelo do anexo VII.

e) Proposta, asinada polo director do centro, da persoa responsable da coordinación do proxecto (coordinador/a Abalar) segundo o modelo do anexo VIII.

f) No caso dos centros concertados, incluírase compromiso expreso de:

-Financiar os elementos tecnolóxicos que sexan necesarios para a posta en marcha das aulas dixitais e non sexan proporcionados pola consellería.

-Ter operativos e en funcionamento ao comezo do curso 2011-2012 todos os elementos tecnolóxicos necesarios para a posta en marcha das aulas dixitais.

-Substituír e repoñer os equipamentos proporcionados pola consellería no caso de rotura ou deficiencia non incluída na garantía dos equipamentos.

3. Prazo de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-*Selección de centros.*

1. Criterios de selección e número de centros:

1.1. A valoración das solicitudes presentadas realízase tendo en conta os seguintes criterios:

a) Grao de implicación da comunidade educativa manifestado por medio do apoio recibido por parte do consello escolar e do claustro: ata 20 puntos.

b) Viabilidade do proxecto de centro: ata 60 puntos (ata 40 puntos de valoración do proxecto presentado e ata 20 puntos a experiencia previa).

c) Valoración do currículo e experiencia da persoa coordinadora: ata 20 puntos.

1.2. O número de centros seleccionados terá como límite a dispoñibilidade por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos equipamentos tecnolóxicos precisos para o correcto desenvolvemento do proxecto.

A porcentaxe de centros concertados seleccionados sobre o total, non superará a porcentaxe que o alumnado destes centros supón no total do alumnado dos centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia nos niveis educativos de 5º de primaria e 1º de ESO.

2. Comisión de selección:

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria seleccionará os centros que se integrarán na Rede Abalar no curso 2011-2012 mediante unha comisión coa seguinte composición:

-Presidencia: O subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación do Profesorado.

Vogais: o subdirector xeral de Sistemas Informáticos.

-O xefe do Servizo de Formación do Profesorado.

-O xefe da Subárea de Dotación e Centros da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos.

-Secretaría: un funcionario da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que contará con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

Esta comisión rexerese polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

3. Proceso de selección:

A comisión de selección, para os efectos dun mellor coñecemento e valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, por medio da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á Inspección educativa ou aos técnicos da consellería.

A comisión procederá á baremación das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de selección establecidos no punto 1 e elevará ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a proposta de resolución da convocatoria que se fará pública no *Diario Oficial de Galicia*.

O procedemento resolverase no prazo máximo de tres meses, que se computará a partir do día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes.

Contra a dita resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Sexto.-*Avaliación.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizará un seguimento e avaliación da implantación e desenvolvemento do proxecto nos centros da Rede Abalar.

O incumprimento das condicións e compromisos recollidos nesta resolución poderá ocasionar a exclusión do centro da Rede Abalar e a retirada do equipamento posto á disposición do centro pola consellería.

Sétimo.-*Difusión dos traballos.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria reserva para si o dereito de difundir os traballos e experiencias realizados no desenvolvemento do proxecto polos centros da Rede Abalar.

Oitavo.-*Retirada da documentación.*

Poderanse retirar as solicitudes e a documentación dos centros que non resulten seleccionados na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e

Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unha vez transcorridos catro meses desde a publicación da resolución sobre os centros seleccionados, e ata o 30 de decembro de 2011.

Noveno.-*Aceptación.*

A participación neste procedemento supón a aceptación do disposto nesta resolución.

Décimo.-*Entrada en vigor.*

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE NOVOS CENTROS ADSCRITOS Á REDE ABALAR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED505A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1. DATOS DO CENTRO SOLICITANTE

NOME DO CENTRO		CÓDIGO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. E, NA SÚA REPRESENTACIÓN:

Don/Dona , como director/a do centro, solicita a participación na convocatoria de selección de novos centros docentes adscritos á Rede Abalar, convocado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa), para o curso 2011/2012, nos termos seguintes:

Nivel educativo para o cal se solicita o proxecto: 5º EP 1º ESO

Número de unidades para as cales se solicita o proxecto:

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (marque cun X o que proceda)

PROPOSTA DE PROXECTO (ANEXO II)

CERTIFICACIÓN DA APROBACIÓN DA SOLICITUDE POR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR (ANEXO VI)

CERTIFICACIÓN DA APROBACIÓN DA SOLICITUDE POR PARTE DO CLAUSTRO (ANEXO VII)

PROPOSTA DA PERSOA RESPONSABLE DA COORDINACIÓN DO PROXECTO ABALAR NO CENTRO (ANEXO VIII)

OUTRA DOCUMENTACIÓN

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Resolución do 15 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de novos centros adscritos á Rede Abalar para o curso 2011/2012.</i></p> <p>O/A DIRECTOR/A</p> <p>_____, de _____ de _____</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td>_____</td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td>____/____/____</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>____/____/____</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>____/____/____</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	<input type="text"/>	_____	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA	<input type="text"/>	____/____/____		DATA DE EFECTOS		____/____/____		DATA DE SAÍDA		____/____/____
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																
<input type="text"/>	_____																
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA																
<input type="text"/>	____/____/____																
	DATA DE EFECTOS																
	____/____/____																
	DATA DE SAÍDA																
	____/____/____																

ANEXO II**Proxecto de centro**

Orientacións xerais para a proposta de proxecto

O proxecto debe conter:

1. Introducción descritiva do contexto do centro.
2. Xustificación da solicitude do programa Abalar.
3. Modelo organizativo previsto.

4. Experiencia educativa:

5. Actividades de formación permanente (cursos, proxectos de formación ou innovación, seminarios, grupos de traballo, etcétera), relacionadas coas TIC realizadas no centro ou polo profesorado do centro durante os últimos cinco anos.

6. Recursos materiais cos que conta o centro.

Recursos informáticos.

Recursos audiovisuais.

Outros recursos de interese.

7. Planificación do uso dos recursos materiais do centro.

8. Tipo de conexión á rede internet (ou á Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia no caso de centros públicos), indicando a súa velocidade de baixada nominal e real.

9. Descrición das tomas eléctricas e de datos existente nas aulas propostas (indicando o seu número, e a distribución dentro da aula mediante plano ou fotografías). Nos centros públicos achegarase toda aquela documentación técnica sobre a rede de datos e eléctrica nas aulas propostas que se considere de interese para acreditar a súa adecuación ás directrices técnicas incluídas no anexo IV.

10. Procedemento para a avaliación interna do programa.

11. Calquera información relevante que poida ser valorada para a selección.

ANEXO III**Condicións para a proposta da persoa coordinadora do Proxecto Abalar**

Para a selección da persoa que leve a cabo as funcións de coordinación do Proxecto Abalar nos centros valorarase a experiencia no emprego e dinamización das TIC nos ámbitos que se relacionan:

-Participación, coordinación ou docencia en accións formativas relacionadas coas TIC.

-Traballo acreditado relacionado coa integración das TIC na educación. (Boas prácticas educativas, participación en proxectos que integren as TIC nas aulas, emprego de recursos educativos dixitais – contidos dixitais, aulas virtuais, actividades con software educativo, blog, wikis, ...- nas aulas, participación activa en comunidades educativas na rede, elaboración de materiais dixitais, etcétera).

-Coñecemento técnicos e experiencia acreditada en aspectos relacionados co equipamento e a infraestrutura (redes de datos, hardware, sistemas operativos de software libre, ferramentas de xeración de contidos...).

-Experiencia na coordinación de proxectos ou grupos de traballo.

-Participación en proxectos que integren metodoloxías didácticas innovadoras na educación.

-Premios relacionados coa integración das TIC na aula.

-Outra experiencia acreditable que se considere relevante en relación coa integración das TIC nas aulas.

ANEXO IV**Infraestruturas eléctricas e de datos do centro****Directrices técnicas que se aplicarán ás instalacións das aulas que se integren no Proxecto Abalar**

Os centros sostidos con fondos públicos que participen neste procedemento de selección deberán cumprir os seguintes requisitos técnicos:

Aulas que se van cablear:

Citaranse todas as aulas nas cales no curso 2011/2012 se vaia impartir algún dos seguintes niveis educativos:

-5º e 6º de educación primaria.

-1º e 2º de ESO.

Requisitos técnicos:

-O centro deberá contar cunha conexión de datos á rede internet (ou a Rede Corporativa da Xunta de Galicia no caso de centros públicos) cunha velocidade nominal mínima de baixada de 2 Mbps.

-Todas as aulas integradas no proxecto deberán contar cunha conexión de datos e eléctrica axeitada, que como mínimo estará composta por dúas tomas de datos RJ45 e cinco tomas eléctricas.

-Todas as aulas integradas no proxecto deberán contar con circuítos de protección eléctrica dedica-

dos debidamente dimensionados (cada circuíto dedicado non deberá dar servizo a máis de dúas aulas).

Directrices técnicas que se aplicarán ás instalacións das aulas que se integren no Proxecto Abalar en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Nos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as instalacións de datos e eléctricas validadas para o Proxecto Abalar deben cumprir as seguintes especificacións técnicas e acometerse seguindo o protocolo indicado a continuación:

Elementos que hai que instalar:

-1 posto de datos (mecanismo con dobre toma RJ45 e 5 tomas eléctricas) por cada aula afectada polo proxecto.

-1 panel de parcheo novo ou actualización dos existentes no armario principal.

-Tendido de cable de datos entre o/os armarios e o posto de datos de cada aula.

-Circuítos de protección eléctrica dedicados.

-Tendido de cable eléctrico entre o cadro principal e o posto de datos de cada aula.

-Todas as canles, tubos e accesorios necesarios para os tendidos de cables de datos ou eléctricos indicados con anterioridade.

Actuacións no armario principal ou secundarios:

-No caso de que o panel existente non teña capacidade para admitir a ampliación procederáse á instalación dun novo panel de 24 módulos UTP femia Systimax ou similar.

-Intercalar guía cables se é necesario.

-Utilizar norma 568-B para conexión dos paneis de parcheo.

-Engadir *switchs* se os existentes non teñen portos libres suficientes.

-Intercalar guía cables entre *switchs* en caso de necesidade.

-A colocación dos compoñentes no armario, de arriba a abaixo:

1. Parte superior: paneis de parcheo con guía cables.

2. Parte media: *switchs* con guía cables e a continuación bandexa para *router*.

3. Parte inferior: espazo libre sobrante, onde se colocarán os aparellos eléctricos.

-Nos armarios quedará unha documentación en que se recolla a relación das distintas conexións de rede (rosetas e conexións entre armarios), así como un plano do centro coas mesmas tomas de datos.

-Tamén se deixará un esquema unifilar da nova instalación eléctrica.

Estandar de rotulación:

-Deben quedar rotuladas todo tipo de conexións nos seus dous extremos (rosetas e paneis de parcheo).

-Rotularanse os dous extremos dos látegos do armario preferentemente con etiquetas embridadas, etiquetas autoprotexidas ou similar. Os látegos irán rotulados nos dous extremos utilizando a mesma nomenclatura do panel de parcheo.

-As distintas rosetas estarán rotuladas con seis caracteres. O primeiro identificará DATOS (D), os tres seguintes o número de roseta (001, 002,...), os dous últimos o *rack* do que dependen (R1,R2,...).

Exemplo D001R1 Punto nº 001 de datos dependente do *rack* 1.

-Nos paneis de parcheo dos distintos *racks* procurarase utilizar exactamente a mesma rotulación que nas rosetas para evitar confusións. De non ser posible (por problemas de espazo) o rotulado completo, e exclusivamente nos paneis de parcheo, poderase prescindir dos dous díxitos que identifican o *rack*, xa que se sobreentende que están situados nel.

Exemplo D001 Punto nº 001 de datos dependente do *rack* 1 (por estar situados nel).

Electrónica de rede:

-No caso de ser necesario, procederáse á actualización da electrónica de rede substituíndo ou aumentando o número de conmutadores de rede existentes.

-Os conmutadores (*switchs*) teñen que ser homologados pola Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos (en diante SXSI). Os actualmente homologados son da marca D-LINK, os modelos DGS1210-24 e DGS1210-48 coa versión de *firmware* específica do fabricante para a Xunta de Galicia.

-A empresa especificará na súa proposta técnico-económica o número de *switchs* que se engadirán en caso de ser necesario.

Canalizacións (en centros públicos):

-Primeiras marcas (Unex, Quintela, Simón).

-Con capacidade dobre do cableado que se instale.

-Canlón ou bandexa (se existen problemas de recuamento).

-Os cables de datos e os de electricidade, deben ir correctamente separados, (no falso teito, ou ben con dúas bandexas *rejiband*, ou con dous tubos, etc.) e nos canlóns con tabique separador.

-Os canlós deben estar correctamente rematadas con ángulos, cóbados, etc. nas esquinas, nas tapas finais e tamén nos extremos.

-A ser posible, as canalizacións faranse polas beirras ou zonas de pouco tránsito, buscando sempre unha solución estética e robusta.

-As canalizacións levarán puntos de ancoraxe ás paredes suficientes para conseguir a máxima solidez.

Cableado:

-O tipo cableado será: par trenzado, sen apantallar (UTP de 4 pares) Categoría 5e, libre de halóxenos (LSZH). De primeiras marcas primeira calidade, Systemax ou similar.

-Utilizar norma para cablear 568-B.

-As tomas partirán do armario central existente, e utilizaranse armarios secundarios se as distancias obrigan.

Rosetas:

-Utilizaranse puntos dobres. Consistentes en seis mecanismos, un deles levará dúas conexións de datos de tipo RJ45 e 5 tomas de corrente.

-Utilizarse a norma 568-B para as conexións de datos na roseta.

-A caixa será de plástico reforzado das gamas destinadas a contornos educativos de fabricantes como MMDataelectric, Simón ou similar.

Instalación eléctrica:

-A instalación eléctrica será dedicada.

-Os compoñentes serán de primeiras marcas e calidade, tipo Merlin Gërin ou similar.

-Se o cadro principal ten espazo suficiente, as novas proteccións engadiranse nel, noutro caso instálase un cadro novo coas proteccións do proxecto. De calquera xeito quedarán os novos elementos correctamente identificados.

-Os diferenciais serán superinmunizados e levará un diferencial por cada tres térmicos.

-Os cadros eléctricos novos serán metálicos e con pechadura.

-A sección do cableado eléctrico das distintas liñas será dimensionada pola empresa e explicitada na súa proposta.

-Como máximo 10 tomas de corrente por cada térmico que será de 16 A. Isto corresponde a dous puntos dobres, é dicir dúas aulas.

-Ademais da axeitada rotulación das proteccións, nos distintos cadros quedará pegado no seu interior un esquema unifilar das conexións eléctricas.

Empresas instaladoras:

Segundo o recollido na Instrución da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica reguladora do procedemento e actuacións precisas para o deseño, instalación e mantementos de infraestruturas de comunicación cableadas e sen fíos na Administración pública da Xunta de Galicia, as empresas instaladoras terán que estar inscritas no Rexistro de Instaladores de Telecomunicación da Secretaría de Estado de Telecomunicación e para a Sociedade da Información.

Protocolo que se seguirá nas actuacións que se van realizar:

Calquera nova actuación non verificada polos técnicos da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos, deberá seguir o protocolo de actuación que se indica a continuación:

1. Proposta de actuación por parte do centro:

O centro solicitará a unha ou varias empresas instaladoras, da súa elección, unha implantación e orzamento que cumpra as especificacións recollidas neste anexo. Unha vez recollida a información, o centro enviará por correo electrónico á conta cableado.centros@edu.xunta.es a implantación, orzamento, e as certificacións. O centro pode remitir máis dunha proposta con distintas empresas.

2. Homologación da proposta por parte da SXSI:

A SXSI validará a solvencia das propostas remitindo a correspondente autorización aos centros educativos para que procedan coa execución. No caso de que o centro remita máis dunha proposta que cumpra cos requisitos do número 2), a SXSI procederá a autorizarlas e deixará a discreción do centro a elección da empresa que finalmente executará o proxecto. No caso de que ningunha das propostas sexa autorizada, o centro deberá solicitar e remitir unha nova implantación e orzamento.

3. Execución:

A execución farase seguindo de xeito estrito o documento de implantación autorizado. Durante o

proceso de instalación, a SXSI poderá establecer os mecanismos de control de obra que aseguren a calidade da execución.

4. Verificación final de obra.

Unha vez rematada a instalación, a empresa procederá a elaborar a documentación final de obra que constará dos seguintes puntos como mínimo, e será remitida en formato electrónico a cableado.centros@edu.xunta.es:

- a) Acta final de obra.
- b) Planos coa situación dos elementos instalados.
- c) Esquemas unifilares da instalación eléctrica.
- d) Táboas coa identificación das tomas segundo rotulación en obra.
- e) Reporte da certificación das tomas de datos.

A SXSI verificará a corrección da documentación e establecerá, se for necesario, unha visita final de obra por parte dun asesor técnico autorizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que verificará se a instalación cumpre os requisitos para participar no proxecto.

ANEXO V

Actividades formativas que realizarán os centros da Rede Abalar

Os centros que entran a formar parte da Rede Abalar deben levar a cabo as seguintes accións formativas:

1. O primeiro ano de participación na Rede Abalar, levarase a cabo un proxecto de formación de centro onde participará todo o profesorado que imparta docencia a alumnado na Rede Abalar e profesorado do centro que o dexexe, coordinado polo coordinador/a Abalar, cos obxectivos e temáticas que se especifican a continuación:

* Os obxectivos do proxecto de formación en centros Abalar son:

-Establecer as estratexias que se realizarán para dinamizar as TIC no centro.

-Familiarizar o profesorado co equipamento das aulas Abalar.

-Analizar e reflexionar sobre os cambios metodolóxicos que o emprego das TIC provocan no traballo nas aulas.

-Analizar boas prácticas educativas do emprego das TIC.

-Experimentar na aula con materiais didácticos dixitais.

-Elaborar novos materiais didácticos de aplicación directa na aula.

-Fomentar o traballo en equipo.

* Para lograr os obxectivos formulados, a temática que se desenvolverá no proxecto de formación de centro é a seguinte:

-Organización e liñas de actuación para a integración das TIC nas aulas (implicacións do profesorado, do alumnado, do resto de persoal do centro, emprego de recursos, disposición espacial das aulas, protocolos, etcétera).

-Emprego da metodoloxía de proxectos.

-Encerado dixital interactivo (EDI): uso e elaboración de recursos didácticos para o emprego na aula.

-Incorporación de boas prácticas educativas que usen as TIC como experiencias de aula.

-Elaboración de actividades facendo uso do software que se inclúe no equipamento Abalar.

-Elaboración de actividades facendo uso das ferramentas educativas da Web 2.0.

-Emprego de ferramentas colaborativas, tanto de aplicación directa na aula como para compartir materiais e experiencias co resto dos compañeiros.

-Emprego de contidos dixitais educativos do Espazo Abalar e outros repositorios, e creación de novos contidos educativos dixitais mediante o uso de ferramentas de autor.

-Clasificación de recursos de interese para a docencia.

-Emprego didáctico das webs dinámicas dos centros (aulas virtuais, portal do centro).

-Elaboración de Aventuras na web.

2. O primeiro ano de participación na Rede Abalar, a persoa designada para realizar as funcións de coordinador/a Abalar, deberá participar no curso «Formación técnica nos elementos da aula Abalar».

3. Tanto o equipo directivo coma o profesorado do centro deberá participar nas accións formativas que se programen para os centros da Rede Abalar.

ANEXO VI

APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A INTEGRACIÓN NA REDE ABALAR DOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE GALICIADon/Dona , en calidade de secretario/a doConsello Escolar do centro educativo Código do municipio de **FAI CONSTAR**

1. Que o Consello Escolar do centro coñece o contido e características da convocatoria para a participación do centro educativo na Rede Abalar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

2. Que o Consello Escolar, na sesión celebrada o día de de

Se mostrou favorable á incorporación do centro na Rede Abalar.

Se mostrou desfavorable á incorporación do centro na Rede Abalar.

Resultado da votación:

- Número de integrantes do Consello Escolar con dereito a voto: - Número de integrantes do Consello Escolar con dereito a voto presentes na votación: - Número de votos favorables á presentación da solicitude de participación: - Número de votos contrarios á presentación da solicitude de participación: - Número de votos en branco: - Número de votos nulos:

E, para que conste, asínoo no lugar e data indicados.

, de de

Visto e prace

PRESIDENTE/A DO CONSELLO ESCOLAR

SECRETARIO/A

Asdo.:

Asdo.:

ANEXO VII

APROBACIÓN POLO CLAUSTRO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A INTEGRACIÓN NA REDE ABALAR DOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE GALICIA

Don/Dona , en calidade de secretario/a do

Claustro do centro educativo

Código do municipio de

FAI CONSTAR

1. Que o Claustro do centro coñece o contido e características da convocatoria para a participación do centro educativo na Rede Abalar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

2. Que o Claustro, na sesión celebrada o día de de

Se mostrou favorable á incorporación do centro na Rede Abalar.

Se mostrou desfavorable á incorporación do centro na Rede Abalar.

Resultado da votación:

- Número de integrantes do Claustro con dereito a voto:

- Número de integrantes do Claustro con dereito a voto presentes na votación:

- Número de votos favorables á presentación da solicitude de participación:

- Número de votos contrarios á presentación da solicitude de participación:

- Número de votos en branco:

- Número de votos nulos:

E, para que conste, asínoo no lugar e data indicados.

_____, de _____ de _____

Visto e prace
DIRECTOR/A DO CENTRO

INTERESADO/A

Asdo.:

Asdo.:

ANEXO VIII

PROPOSTA DE PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO ABALAR NO CENTRO

Don/Dona	<input type="text"/>		
Con DNI	<input type="text"/>	Profesor/a do centro	<input type="text"/>
Localidade	<input type="text"/>	Provincia	<input type="text"/>

SOLICITA:

Participar como persoa coordinadora do Proxecto Abalar no centro e se admita para efecto de valoración a seguinte relación de experiencias, proxectos e/ou actividades relacionadas coas TIC nas cales participei, impartín ou coordinei e que a continuación se relacionan:

DECLARA:

Que a información aquí achegada é verídica.

_____ , de _____ de _____

Visto e prace
DIRECTOR/A DEL CENTRO

SECRETARIO/A

Asdo.:

Asdo.:

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 4 de abril de 2011 pola que se recoñece a Escola de Tempo Libre Barlovento como escola de tempo libre.

O Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, establece no seu artigo 59º.1 que o recoñecemento das escolas de tempo libre, a determinación das ensinanzas que se poderán impartir nelas, a aprobación dos seus programas de formación e a expedición dos títulos acreditativos lle corresponden á Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

A estrutura actual da Xunta de Galicia desenvólvese a través dos seguintes decretos:

-O Decreto 79/2009, do 19 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

-O Decreto 81/2009, do 19 de abril, nomea a Beatriz Mato Otero conselleira de Traballo e Benestar.

-O Decreto 8/2011, do 28 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. O seu artigo 8º estrutura os órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

-O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, modificado polo Decreto 9/2011, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Tra-

ballo e Benestar. O seu artigo 1º establece o ámbito competencial da Consellería de Traballo e Benestar, as políticas de xuventude, e no artigo 36º recolle as funcións propias da Escola Galega de Lecer, encargada de programar, ordenar e promocionar as ensinanzas nesta materia de lecer e tempo libre.

Polo exposto, correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar o recoñecemento das escolas de tempo libre e a aprobación dos seus programas de formación.

Examinado o expediente promovido por *Marexada. Deporte, Lecer e Cultura, S.L.*, en nome e representación da Escola de Tempo Libre Barlovento, no cal solicita o recoñecemento e a aprobación dos programas de formación, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado efectúa a proposta favorable ao recoñecemento solicitado por ser conforme coa lexislación vixente, vistas as normas reguladoras desta materia (Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro). Por todo isto,

DISPÓÑO:

Primeiro.-Recoñecerlle á Escola de Tempo Libre Barlovento a condición de escola de tempo libre, e aprobar os programas de formación propostos para os niveis primeiro (monitores/as de actividades de tempo libre) e segundo (directores/as de actividades de tempo libre e directores/as de campos de traballo) fixados no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro.